

Outra PAC 2013: Demanda para ter futuro como País



De esq. a der.: Samuel Juárez -Conselleiro do Medio Rural-, Roberto García -Secretario Xeral de UUAA-, Carme Freire -Secretaria Xeral do SLG- e Francisco Bello -Secretario Xeral de XXAA-.

O ano 2009 tennos amosado a amplitude das dificultades ás cales se enfrontan as/os agricultoras/es europeas/os. A PAC actual, así como a OMC que a enmarca, teñen confirmado non só ser incapaces de resolver os problemas, senón que conseguiron agravalos: as explotacións agrícolas desa-

parecen rapidamente, o paro aumenta cada vez máis, a fame alcanza xa a mil millóns de persoas, o planeta quéntase, a biodiversidade desaparece, os efectos negativos para a saúde dos métodos de produción e consumo dominantes aumentan con rapidez... A pesar de todo isto, a UE non parece disposta a cambiar

a política neoliberal que globalizou a nosa agricultura e a nosa alimentación. O pasado vinteseite de xaneiro, en reunión coas organizacións agrarias, Alberto Núñez Feijoo comprometeuse a consensuar con nós unha posición como país diante da reforma da PAC no 2013 para defender o agro galego.

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servizos Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Carme Freire,
Lidia Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Xoán Monasterio,
Charo Sánchez Parga, Xabier
Gómez Santiso, Ana Rodríguez,
Diego Sánchez Agra e Sandra
Varela.

Deseño e maquetación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

R/ Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZUA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tifno. 981 508 177

MUXIA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981

703169

SANTA COMBA - R/ Carmen

Santiso, nº22, baixo. Tif. 981 880909

ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.

Tif. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,

1º. Tif: 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º

esq / Tifno. 981 789 781

SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n

981 490430

AS PONTES - R/ Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tif. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Tif. 630 970 131

O CARBALLIÑO - Casa sindical

Tif. 630 970 131

VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,

Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988

590439

RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.

Tif. 988 477230 Fax: 988477230

XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.

Tifno. 629 621 047

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tif. 982 231154

MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tif.

982 403005

SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,

entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISS Tif/Fax: 982 462103

A FONSGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.

982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.

Tif/Fax: 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tif.982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño

Entrecán E. Tif/Fax: 986792268.

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tif/Fax 986 573232

LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.

986 792 268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal

1ºA, 1ºC. 986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif.

Rosales. Tif. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tif. 986 711825

2 / SUMARIO

nº 276
Febreiro do 2010



Editorial, pax. 3

■ **Presidencia da UE: Oportunidade para ser, ademais de parecer.** O excepcionalismo é unha constante cada vez que escoitamos as habituais declaracións de intencións dos nosos políticos e políticas. A presidencia española da UE e o anuncio público de procura dunha posición de consenso diante da PAC realizado por Feijoo, serán seguidos de preto polo SLG.



Galiza, paxs. 4, 5, 6 e 7

■ O Sindicato Labrego Galego participou na manifestación celebrada o pasado vinteun de xaneiro en Santiago de Compostela en defensa do emprego do galego no ensino.

■ **Suplemento seguridade laboral:** Riscos en instalacións de muxido.

■ E tamén: a Banca ética de FIARE, accións da mocidade polo agro, etc.

Aldea Global, pax. 8

■ Segunda quenda de preguntas ao respecto do sector leiteiro realizada polo Grupo de expertos e expertas da UE. Lidia Senra foi a encargada de transmitir o posicionamento da Coordinadora Europea Vía Campesina, da cal o SLG forma parte.



Sectores Gandeiros, paxs. 9

■ Os recortes orzamentarios repercuten nos servizos públicos ás explotacións. Un 78% das solicitudes de axudas á recría realizadas no ano pasado foron denegadas.

Sectores Vexetais, páxs.10 e 11

■ Os produtores e produtoras de uvas negámonos a financiar á industria elaboradora. Queremos cobrar as uvas a 30 días.

■ Rexistro da Declaración e solicitudes sobre a praga da pulguiña do carballo. Apostamos pola loita biolóxica dentro do control integrado de pragas.




Mulleres, pax. 12

■ O Cumio Europeo de Ministras rematou coa lectura da chamada Declaración de Cádiz. Recollemos neste Fouce os principais puntos desta declaración, mais cuestionámonos: Como casa que un goberno tan "comprometido coa igualdade" siga sen desenvolver a figura da titularidade compartida nas explotacións agrarias?

Agroecoloxía, pax. 13

■ **Agrotóxicos:** perigosos para a nosa saúde, para o noso agro ... e tamén para o noso peto. Campaña informativa do Sindicato Labrego Galego sobre fitosanitarios.

SIDOS POLO MINISTERIO	
Tipo de fitosanitario	Data limite ven
Funxicida	28/02/2010
Insecticida	31/01/2010
Insecticida	31/01/2010
Funxicida	PROHIBIDO
Funxicida	31/01/2010



Eira, pax. 14 e 15

■ Debullamos a nova orde das primas PAC para 2010-11.

■ Xornadas a prol da soberanía alimentaria os vindeiros 27 e 28 de febreiro en Santiago de Compostela

■ **Encontro Anual da Secretaría das Mulleres.** En Ribadeo, do 5 ao 7 de marzo.

Contracapa, pax. 16

■ O SLG rexeita totalmente a reforma das pensións proposta polo Goberno español, iniciativa que suporía un retroceso histórico nos dereitos sociais.



Presidencia da UE: Oportunidade para *ser*, ademais de *parecer*

Parece que o que non fai nin medio ano algunhas organizacións coma o SLG dicíamos, é agora asumido por todos e todas.

Parece que estabamos no certo cando defendíamos por riba de todo, e quedabámonos sós e soas facendo, que para que teñamos futuro como labregas e labregos teñen que cambiar as leis.

Parece que todo o mundo agora acredita xa en que non vale con poñer toda a nosa vontade e negociar no marco do que existe legalmente.

Parece que loitar para que a medio prazo haxa cambios na política agraria, e polo tanto nas leis para termos prezo, xa non é só discurso das utópicas e utópicos de sempre que a todo din que non.

Parece que a realidade impúxose e que as posicións políticas -si, as políticas- son as que poden mover e posibilitar o futuro noso e da humanidade a favor das persoas no canto de a favor do grande capital, chámese este "industrias", "distribución", "entidades financeiras", etc.

Escoitar dicir a dirixentes doutras organizacións diante da gran mobilización do 21

de novembro en Madrid, que hai que regular os mercados e fixar prezos, non pode supoñernos máis que unha fonda, aínda que reticente, satisfacción, polo cambio de posición que supón.

Escoitarlle dicir que os contratos, se non teñen garantía de cumprimento de prezo mínimo para os gandeiros e gandeiras, non sirven, é unha constatación das razóns que fai seis meses o SLG xa tiñamos claro.

Que o presidente da Xunta, na reunión mantida coas organizacións agrarias galegas o 27 de xaneiro, estea disposto a consensuar un documento para facer unha fronte común diante da próxima reforma da PAC 2013 que garanta rentas dignas para as produtoras/es, pode ser unha pose moi doada contra o goberno de Zapatero ou unha aposta seria na defensa dun sector estratéxico para Galiza.

Pode ser unha ocasión para, ademais de *parecer* implicados, defender realmente o agro e o futuro dos labregos e labregas e da alimentación.

Que un presidente do goberno como Zapatero, nos



Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG

diga na entrevista mantida o 29 de decembro do 2009 que vai a estudar co seu goberno os cambios lexislativos precisos para ter prezos que nos permitan vivir como sector estratéxico tamén no Estado, pode ser un entretemento para que pasen rápido os seis meses de presidencia da UE, ou unha oportunidade histórica para que as e os representantes políticos e sindicais, ademais de *parecer*, *sexan* coherentes co que din e cos pobos aos que re-presentan.

A presidencia da UE remata o 30 de xuño, neste tempo o SLG vai seguir defendendo o que sempre mantivemos e que até o de agora a realidade demostrou que tiñamos razón.

A política e quen a practica ponlle solucións ou ponlle a soga a todo un pobo.

A hora é decisiva: toca *ser* ademais de *parecer*.

O SLG participa dun proxecto de Banca ética na Galiza

FIARE

O 16 de xaneiro de 2010 constituíuse en Santiago de Compostela a Asociación FIARE GALIZA. O Sindicato Labrego Galego forma parte da súa xunta directiva.



Fiare é unha entidade da cidadanía para a cidadanía, dirixida polas organizacións sociais que conforman a súa dirección.

Trátase dunha entidade, que xunto con outras constituídas en distintos territorios do Estado, ten o obxectivo de crear unha Entidade de Creto que opere no ámbito financeiro, pero que o faga dende criterios solidarios e alternativos ao sistema bancario convencional.

Para conseguilo, solicitará a autorización legal pertinente do Banco de España para poder operar como entidade financeira autónoma dende a perspectiva da banca ética.

O obxectivo principal deste banco non será a maximización do beneficio económico, senón rescatar o valor social do diñeiro e poñer a actividade económica ao servizo dun mundo máis xusto, humano e sostíbel.

A diferenza das entidades bancarias

existentes, a banca ética é unha proposta de intermediación financeira que persegue a transformación social, polo que os seus labores de captación de capital, investimento e préstamo realízanse dende unha filosofía integral e uns fins éticos ao servizo da xustiza.

Os seus obxectivos xerais son dous. Primeiramente, financiar actividades económicas que comporten un impacto social positivo e transformador. É dicir, apoiar empresas, actividades e proxectos sociais, ecolóxicos, culturais e solidarios, favorecendo o desenvolvemento humano tanto das nosas sociedades do Norte como do Sul, poñendo o diñeiro a disposición das persoas excluídas e das organizacións que traballan con elas.

E, en segundo lugar, ofrecer instru-

mentos de aforro e de investimento responsábeis. Trátase de poñer a disposición da cidadanía a posibilidade de apoiar cos seus aforros este tipo de actividades, decidindo responsábelmente o uso que fai a entidade de creto dos devanditos aforros e excluindo calquera investimento en actividades ou empresas que colaboren co mantemento da inxustiza e o deterioro do noso mundo (tráfico de armas, explotación laboral, urbanismo especulativo, destrución do medio ambiente, etc.).

Nun momento no que a crise económica provocada pola irresponsabilidade das institucións bancarias tradicionais (bancos e caixas de aforro), na procura de grandes beneficios para os/as propietarios/as a costa de poñer en perigo todo o sistema económico, é máis necesario facer esforzos para crear unha proposta de intermediación financeira que persiga a transformación social.

O reto que temos por diante é conseguir o capital social e os depósitos necesarios para constituír a entidade de creto. O Sindicato Labrego Galego, considera este proxecto como unha ferramenta estratéxica para a loita contra o sistema neoliberal causante da actual crise económica, que afecta sobre todo aos/as máis desfavorecidos/as e entre eles/as, a nós, os labregos e labregas.

Se queres máis información podes consultar a web www.fiare.org

Transxénicos: unha ameaza real

Palestra informativa no C.S. A Gentalha do Pichel

Lidia Senra -Secretaria de Organización do SLG- e María Ogando -da organización ecoloxista Verdegaiá-, foron as encargadas de expoñer as claves de acción da Plataforma Galega Antitransxénicos, da cal o Sindicato Labrego Galego forma parte.

O Sindicato leva loitando contra a introdución dos alimentos modificados xenéticamente dende a década dos noventa. Para as labregas e labregos, a ameaza dos transxénicos é dobre: polo

seu consumo e polos modos de produción que implican.

A patentización das sementes co obxectivo de acadar a privatización total da produción de alimentos é un fortísimo ataque á nosa biodiversidade, acompañado de leis como a prohibición de intercambiamos sementes entre nós e a obriga de mercar as sementes ano tras ano á que nos queren levar.



Logo de abordaren conxuntamente co SLG a crise do sector leiteiro o ano pasado, o C.S. A Gentalha do Pichel (Compostela) convidounos para falar de transxénicos. Dende o SLG valoramos como moi positiva a implicación e traballo cada vez maior que a mocidade das zonas máis urbanas do país está a realizar para achegarse ao agro.

Só dende a lingua propia construímos a nosa realidade

Tempos modernos



De xeito habitual, supostos expertos e expertas aparecen no noso día a día dicíndonos que, en aras dunha suposta modernidade, debemos mudar a nosa forma de traballar, o noso xeito de vivir, de sentir, a nosa cultura e mesmo agora a nosa lingua.

Neste mundo do revés, nun momento no que as novas xeracións falan menos o galego ca en ningún tempo pasado, o Goberno da Xunta presentou as bases dun decreto para o ensino que, en síntese, procura reducir o número de materias impartidas na nosa lingua, así como estender o uso do inglés a un tercio das mesmas.

O Goberno de Núñez Feijoo pretende suprimir a obrigatoriedade de que, en contextos castelán falantes, polo menos a metade das aulas de infantil sexan en lingua galega, reducir as axudas para os equipos de normalización lingüística, ou facer desapercecer a proba de galego para acceder á función pública.

Agroman coma cogomelos no outono expertos que avogan por un ensino plurilingüe e propoñen basear a educación dos nenos e das nenas en criterios dunha suposta "utilidade".



O Sindicato Labrego Galego participou na manifestación celebrada o pasado vindeiro de xaneiro en Santiago de Compostela en defensa do emprego do galego no ensino. Praza do Obradoiro.

Para impartir as aulas de coñecemento do medio, de historia... ou o tercio que corresponda en inglés, primarán con incentivos económicos e con melloras na carreira profesional a uns mestres e mestrás que, na súa maior parte, non recibiron nunca formación nesta lingua, dado que é relativamente recente a etapa na que se substituíu o francés polo inglés no ensino e sendo, por outra banda, bastantes os que, a pesar de ter recibido clases neste idioma, manifestáanse incapaces de ter unha mínima fluidez oral.

Do fracaso escolar ou dos crecentes problemas de comprensión e expresión dos nosos nenos e

nenas non se fala en ningún lado, ou mesmo de enorme empobrecemento que significaría que partes fundamentais da súa aprendizaxe se

saber catro palabras neste idioma, que abondarán para sermos man de obra barata para unha multinacional ou por se algún día voamos nunha

das mazás tabardillas, o sabor do raxo o día da matanza, ou o labor e as loitas dos nosos devanceiros e devanceiras.

Reivindicamos o noso dereito a ser útiles ás persoas, útiles á nosa Terra, útiles á sociedade, e non ás multinacionais que todo o converten en mercadoría uniforme.

fixesen nun idioma alleo, con un vocabulario reducido e coa capacidade lingüística limitada característica dunha lingua non materna.

É moderno beber Coca Cola, comprar comida lixo nunha gran área comercial, depender ata o extremo do capital financeiro, escoitar música comercial en inglés, por suposto, e

liña de baixo custo a London City. Mais seica non é útil poder construír pensamento, coñecer a nosa historia, conservar e nomear a nosa biodiversidade, os nosos saberes ou os nosos sabores.

Nós reivindicamos o noso dereito a ser útiles, mais útiles ás persoas, útiles á nosa Terra, útiles á sociedade, e non ás multinacionais que todo o converten en mercadoría uniforme.

Queremos ensinalos aos nosos nenos e nenas os nomes das árbores dos nosos montes, o asubío dos carrizos, o gusto dos amorodos, dos fatóns ou do leite de verdade, a paisaxe das vides no outono ou da terra recién labrada, o cheiro da carballeira, o recendo

Reivindicamos o noso dereito a transmitirlos ás novas xeracións a nosa cultura e non unha cultura allea estandarizada; o dereito a manter a nosa identidade como pobos e enriquecernos coñecendo a diversidade e a pluralidade doutros pobos, sen renunciarmos a coñecer cantos máis linguas mellor ou os aspectos positivos das novas tecnoloxías.

Nós, emulando a Chaplin no filme *Tempos Modernos*, tamén nos negamos a avanzar nun sistema que trata á clase traballadora como engrenaxes dunha máquina e aos seres humanos con rabaños de ovellas.



O SLG forma parte da plataforma Queremos Galego. Na imaxe, Carme Freire Cruces - Secretaria Xeral do SLG- na faixa de cabeceira; namentras, o humorista gráfico Xosé Lois González, O Carrabouzo, anima a manifestación dende o atril.

RISCOS EN INSTALACIÓNS DE MUXIDO

Unha vez movido o gando leiteiro ás cortes de muxir, hai que darlles un momento para que se adapten ao novo ambiente antes de comezar o muxido.

ACCESOS

É convinte para un rápido manexo dos animais que as entradas e saídas dos animais á sala sexan sen portas e en calquera caso evitando os corredoiros estreitos nos que poda ficar atrapada algunha persoa.

É interesante que aquelas portas da leiteira que cadren con pasos dos animais sexan substituídas por pasos de persoa, con anchura comprendida entre 460 e 500 mm.; desta forma evitárase unha entrada accidental de animais na leitería.

Dentro dunha instalación manipuladora ou vía de muxir, hai que deixar sempre un modo de saír por se chega a ser necesario.

Pode resultar perigo-oso entrar nunha área pequena pechada con animais grandes a menos que estea equipada con unha porta que poda abatirse.

CHAN

O máis convinte é que todo o chan da sala de espera e da sala de muxido sexa de formigón cun acabado non moi fino, que teña certa rugosidade para evitar as caídas.

Os chans con estrías, estean estas incluídas no propio formigón ou en pezas con deseños especiais, aínda que sexan eficaces a hora de evitar as caídas, son menos fáciles de limpar e por iso é menos recomendábel o seu uso.

Nas salas de espera, para facilitar o movemento dos animais, non deberá haber ningún chanzo.

As salas de muxido en paralelo deben ter un chanzo duns 0,45m para o acceso do gando ás prazas.

A saída do gando neste tipo de prazas será por un corredor traseiro de 1,25 m de ancho situado ao mesmo nivel que o da praza e unha rampla para baixar outra vez a nivel do patio de espera.

Esta rampla terá como mínimo 3,5 m de lonxitude e deberá estar dotada de estrías para facilitar a baixada dos animais.

Nas salas de muxido en espina de pescado (e tamén en outros modelos similares tais como túnel, tándem, etc.), non deberá haber ningún chanzo, nin diferencias apreciábeis de nivel, nas prazas de muxido e nas entradas ou saídas de gando. Neste tipo de sala, na parte das prazas que dan ao foso, haberá un resalte duns 75 mm. de altura.

FERRAXES

Todos os ferros da sala de muxido e patio de espera terán que ser como mínimo de 40mm. de diámetro.

O deseño será adecuado, segundo o tamaño das vacas que se vaien muxir, para evitar as caídas accidentais ao foso e deberán estar dotadas dunha fixación sólida ao chan e paredes.

As portas de apertura que funcionan por medio de contrapeso ou outro sistema similar, que se poñen en movemento cando se solta o tarabelo de sujeción, deberán estar dotadas dun sistema de seguridade no citado tarabelo, para evitar que accidentalmente algún cativo/a ou persoa allea ao muxo poda soltar a porta.

OUTROS SISTEMAS DE SEGURIDADE

Nas salas de muxido en paralelo recomendase dispor de algún sistema de seguridade para suxeitar ás vacas na praza (por exemplo, unha cadea) e así poder evitar a caída de estas, que pódense producir no caso de animais nerviosos.

Por outra parte, é convinte dispor na sala de un ou varios dispositivos anticouces para os utilizar naquelas vacas que xa se coñece que poden provocar este tipo de accidentes.



PEZAS EN MOVEMENTO

- Instalación de muxido mecánico: roldanas do motor eléctrico e bomba de baleiro.

- Tanque refrixerantes de leite: paletas do ventilador.

En ambos casos atopámonos con partes móbiles situadas de tal forma que non será fácil o contacto directo con elas, pero para evitar accidentes fortuítos, sobre todo naquelas persoas alleas a operación do muxido ou de nenos/as que casualmente podan entrar na leitería, recoméndase a súa protección:

Indirectamente

- Situando o grupo motobomba da instalación de muxido e o tanque refrixerador de leite en sitios que non sexan accesíbeis.

- O grupo motobomba débese situar nun pequeno cuarto de máquinas, separado da leitería ao menos por un tabique. O tanque colocáremolo na leitería fóra das zonas de paso, perto da porta de acceso e co condensador fronte a unha parede que teña

unha abertura para facilitar a ventilación. Hai que ter a precaución de deixar 0,60 m entre o tabique e calquera parede para realizar as labores de limpeza e reparacións.

Directamente

- As roldanas e demais partes móbiles do grupo motobomba deben estar protexidas por unha carcasa, tipo cárter, que impida calquera contacto accidental con elas. A carcasa será desmontábel, para poder realizar as operacións de comprobación e mantemento.

- O ventilador do condensador debe estar protexido por un enreixado cunha anchura de abertura comprendida ente 4 e 8 mm., que impida a introducción fortuíta, mesmo da punta do dedo.

As paletas do ventilador deberán estar situadas a mais de 15 mm. do enreixado para conseguir unha protección eficaz. Ao igual que no caso anterior este enreixado será desmontábel para labores de conservación e mantemento.

CHAN DO FOSO

O chan do foso onde se está movendo constantemente o/a operario/a non debe ter ningunha diferenza de nivel. Isto é aplicábel a todo tipo de salas incluíndo ás paralelas, nas que é frecuente situar chanzos entre as prazas para que o muxidor teña unha posición máis cómoda e que son causa de múltiples caídas, ademais de facer a rutina de muxido máis lenta.

CHANZOS

Nas salas de muxido en espina de pescado e similares, para salvar a diferenza de nivel entre o chan das prazas e do foso (normalmente uns 68,5 mm.), é necesario alomenos un chanzo. É convinte colocar só un ou dous chanzos de obra de fábrica, coa mesma

rugosidade da soleira da sala, de alomenos 350 mm. de anchura e que abranxan toda a anchura do foso. Desta forma poderase baixar e subir, minimizando o risco de caídas.

As escadas metálicas con dous ou máis chanzos son especialmente perigosos, sobre todo se están simplemente apoiadas, sen que fiquen fixadas á parede do foso.

ALTURAS MÍNIMAS

En todas as zonas nas que se move a persoa que moxe (foso, paso cara a leitería, paso cara a sala de espera, etc.), calquera canalización, conducción ou fe-

rraxe, deberán estar colocadas como mínimo a 1,95 metros e sempre alomenos 100mm. por encima do muxidor máis alto da sala, incluíndo as baixadas e subidas ao foso.

TANQUES REFRIGERANTES DE LEITE

As tapas dos tanques de limpeza manual deben de construírse de forma tal que o tanque poda abrirse suficientemente para permitir unha fácil limpeza a man de todas as súas partes. As tapas con bisagra deben ter un dispositivo adecuado que as manteña abertas durante a limpeza.

Co financiado por



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Reunión dos sindicatos co Presidente da Xunta e o Conselleiro do Medio Rural

O Goberno comprometeuse a consensuar unha posición de país perante da PAC 2013

O presidente da Xunta comprometeuse coas organizacións agrarias a consensuar un documento para demandar reformas na política agraria

-aproveitando ademais a oportunidade que se presenta coa presidencia do Estado español na UE- que inclúan os cambios normativos necesarios

que garantan rendas xustas para os produtores e produtoras, alimentos sans e de calidade para a cidadanía e o coidado do medio ambiente.



Esq. a der.: Carme Freire Cruces (Secretaría Xeral do SLG), Paco Bello (Secretario Xeral de XXAA), Alberto Núñez Feijóo (Presidente da Xunta de Galiza), Samuel Juárez (Conselleiro do Medio Rural) e Roberto Iglesias (Secretario Xeral de UUAA).

Da reunión mantida co Goberno galego o pasado vinteseite de xaneiro, a Secretaría Xeral do SLG, C. Freire, subliñou a importancia do compromiso manifestado polo presidente da Xunta ao respecto de

traballar por acadar un consenso entre organizacións agrarias e co Goberno galego que garanta un posicionamento de país diante da reforma da PAC 2013.

Para o Sindicato Labrego esta posición

ten que supor ineludiblemente a unidade de Goberno e sindicatos a prol da demanda de modificacións normativas que nos proporcionen rentas dignas coas que poderemos vivir do noso traballo.

Fixar poboación no rural pola vía dunha sustancial mellora dos servizos sociais que conleve unha mellora na calidade de vida dos seus habitantes, é tamén fundamental para nós neste posicionamento

futuro que o Goberno vén de manifestar que quere consensuar.

As labregas e labregos precisamos implicar ao meirande número posíbel de aliados dentro da sociedade para defender unha nova política agraria e alimentaria.

A PAC actual, así como a OMC que a enmarca, teñen demostrado non só ser incapaces de resolver os problemas, senón que conseguiron agravalos.

Cómpre desenvolver unha agricultura labrega social e sustentábel.

O 2010 debe ser o ano dun amplo debate público dentro da UE para que sexan redefinidas as prioridades da política agrícola e alimentaria máis alá do 2013, antes de que se decidan os orzamentos da UE para ese período.

Unha semana de actos en apoio ao medio rural da Galiza

A mocidade galega co agro

Do 18 ao 23 do pasado mes de xaneiro a organización xuvenil ADIANTE, en colaboración co Sindicato Labrego Galego, organizacións sociais e cooperativas de consumo responsábel, levou adiante unhas xornadas en apoio ao agro galego que tiveron lugar en Santiago de Compostela.

Palestras, debates, recitais poéticos, obradoiros, foliada, concertos e un mercado pola soberanía alimentaria conformaron

unha apretada axenda de actividades coa que as rapazas e rapaces de ADIANTE quixeron amosar o seu apoio e recoñecemento ao medio rural e ás persoas que nel habitamos.

Dende o Sindicato Labrego Galego celebramos a forza cada vez maior coa que a mocidade da Galiza estase a achegar ás loitas do agro.



Cartaz da semana de actividades.



Leite, segunda reunión do Grupo de Expertos/as de Alto Nivel, **O Sindicato Labrego Galego e a Coordinadora Europea Vía Campesina, seguimos dando a batalla polos prezos**



Senra é responsábel de sectores gandeiros da Coordinadora Europea Vía Campesina dende o ano 2008.

Como xa sabedes, o pasado mes de outubro o Consello Agrario acordou constituir un Grupo de Expertos/as de Alto Nivel para analizar e facer propostas para afrontar a crise do leite.

Este Grupo de Alto Nivel puxo en marcha un proceso de audiencia coas organizacións de ámbito europeo que representan ás distintas partes implicadas no sector. O 2 de febreiro tivo lugar a segunda e última reunión. Agora este grupo ten que elaborar o seu informe e as propostas para que logo o Consello Agrario decida.

Na delegación da Coordinadora Europea Vía Campesina, participou a Secretaria de Organización do noso Sindicato e responsábel dos sectores gandeiros da Coordinadora, Lidia Senra.

Nesta ocasión o Grupo de alto nivel quería coñecer a posición da Coordinadora ao respecto dos instru-

mentos de mercado actuais, que outros instrumentos se poderían poñer en marcha, e tamén a nosa opinión sobre o posíbel mercado de futuros para o leite.

Propostas da Coordinadora

A Coordinadora defendeu claramente que o obxectivo dos instrumentos de mercado non deber ser outro que o de manter en todo o territorio europeo un tecido de explotacións leiteiras en mans das e dos labregos e que poidan vivir dignamente e principalmente da súa produción, para o cal cómpren prezos xustos para o leite.

Para iso cómpre mudar a situación actual, na que o mercado está xestionado en función dos intereses da industria leiteira e da gran distribución.

Para isto, propuxo:

1.- A necesidade de manter a intervención como mecanismo de seguridade en caso de crise.

2.- Manter o control de produción e mellorar a xestión das cotas. Cómpre anular o aumento previsto deica o 2012 e compre diminuír a cota global europea na campaña 2010/2011 para adaptala á demanda.

3.- A xestión das cotas e o control da produción debe estar a cargo dos poderes públicos.

4.- Cómpre suprimir as subvencións á exportación e, ao mesmo tempo, utilizar os dereitos de aduana para defendernos das importacións a baixos prezos. Demandouse igualmente anular o acordo da Organización Mundial do Comercio (OMC) polo que se establece a obriga de importar o 5% da produción.

5.- Poñer en marcha un sistema de xestión da oferta mellorado, que se adapta a evolución da demanda europea, e ben repartida entre estados, entre áreas de produción e entre os produtores e as produtoras.

6.- Para calcular os dereitos de aduana terase como referencia o coste medio europeo para o a produción sustentábel e porase fin ás exportacións subvencionadas directa ou indirectamente.

7.- Establecer pagos directos ligados a activos agrícolas para as explotacións leiteiras en zonas desfavorecidas agroclimaticamente.

8.- Desintensificar a produción leiteira e

favorecer o cultivo de proteína vexetal en Europa e modos de produción leiteira menos dependentes e con menos emisión de gases de efecto invernadoiro.

9.- Definir un prezo

mínimo para aplicar en caso de crise e por debaixo do cal as empresas non poidan pagar o leite. Establecer o control e a transparencia para os mercados comerciais en toda a cadea.

A especulación leiteira chámase “mercado de futuros”



Durante a súa xuntanza co Grupo de expertos e expertos, a Coordinadora Europea Vía Campesina fixo constar a súa rotunda oposición a organizar o mercado de futuros para o leite, por entender que este tipo de mercado suporía deixar a comercialización do leite en mans da especulación e, polo tanto, unha volatilidade aínda maior dos prezos para os produtores e produtoras e unha vulnerabilidade moi forte para os consumidores e consumidoras, beneficiando só ao capital financeiro, á grande distribución e a industria leiteira.

Máis información:

<http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=3&i=455>

<http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=27&i=409>

Os recortes orzamentarios repercuten nos servizos públicos ás explotacións

Pago do servizo de lavado de vehículos e restricción nas axudas á recría

O servizo de lavado e desinfección de vehículos para o transporte de animais terán que costearlo dende febreiro os gandeiros e gandeiras.

O recorte orzamentario volve a levar as culpas da desaparición destoutro servizo público, aínda que a sistemática privatización de todos estes servizos e as políticas de liberalización que tanto gustan aos nosos gobernantes son os verdadeiros culpábeis.

A actual normativa obriga, dende principios desta década, á limpeza e desinfección dos vehículos adicados a transportar gando.

Cando se estableceu o servizo adxudicóuselle á empresa TRAGSEGA, feito xa denunciado naquel entón polo Sindicato Labrego Galego ao considerármolo unha privatización encuberta do servizo, en troques de proporcionalo

dende a propia área de Sanidade Animal da Consellaría do Medio Rural, como servizo público obrigatorio e gratuito.

Pois ben, a partires de finais de xaneiro, todos os centros oficiais que ofertaban este servizo nas distintas comarcas comezaron a cobrar por el, ou o que é o mesmo, as explotacións gandeiras terán que costearlo das súas espoliadas contas.

Agora si queda clara a privatización do servizo e o cargo ás explotacións gandeiras deste novo custo.

Un máis dunha longa lista de privatización de servizos das explotacións que comenzou a mediados dos 90 co desmantelamento das axencias de extensión agraria, e que de seguir neste camiño, rematará por privatizar a propia sanidade animal, o que pode conlevar unha perda de garantías sani-

tarias para a cidadanía e para a propia seguridade alimentaria.

Ademais, a privatización de servizos ao rural vense constatando ao longo destes anos coma unha técnica de dobre beneficio pra Administración, xa que non somentes lle supón un aforro inmediato nese momento, senón que ademais con frecuencia posteriormente procédese á apertura unha liña de axudas para que as explotacións poidan acceder a estes servizos obrigatorios agora privatizados, investindo así en boa imaxe para a Consellaría de cara á cidadanía e alimentando o sambenito de que as labregas e labregos temos moitas subvencións, como xeito de tentar deslexitimizar as nosas reivindicacións.

Queremos servizos públicos, non unha dependencia empresarial subvencionada polo goberno.

Axudas á recría: outra vítima do “recorte presupostario”

No DOG publicado o xoves 28 de xaneiro, atopamos a resolución das solicitudes de axudas ó fomento da recría de vacún, convocadas no mes de febreiro do pasado ano 2009. Non sabemos se o problema foi falta de previsión ou ben que esta dotación orzamentaria foi vítima dun novo “recorte presupostario”, pero o certo é que das 4.234 solicitudes denegáronse 3.290 (o 78 %), e destas 2.649 foron denegadas por “extinción de crédito” (o 63 % das solicitudes).

Resulta alarmante que 2.649 explotacións (máis da metade das que solicitaron) que cumpren coas condicións da convocatoria, resulten privadas da axuda. Ademais estes recortes son algo xeralizado tamén nas axudas que xa están concedidas, xa que moitas das explotacións non están a cobrar o total que lles correspondería segundo os baremos especificados nas convocatorias. “Axudas” coma esta cumpren moi ben, xa que logo, a máxima de “quedar ben e gastar pouco”, complementada cunha clara falta de previsión ou de cálculo, ou ben cun gran descoñecemento do sector. Son estas as grandes liñas que se perfilan para quitar da bancarrota á gandeiría de vacún na Galiza?

Esiximos seriedade e rigor de cara a vindeiras convocatorias, e senon é así, alomenos que se absteñan de usar a gandeiría como eslogan publicitario, facendo quedar a gandeiros e gandeiras diante da cidadanía como receptores/as de axudas que en realidade non perciben.

Sectores Vexetais

Terceiras Xornadas de Viticultura Ecolóxica e Biodinámica

O 4 e 5 de febreiro, tiveron lugar na comarca d'O Ribeiro as terceiras xornadas de Viticultura Ecolóxica e Biodinámica, artelladas polo Sindicato e o concello de Castrelo de Miño.

Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, xunto con Xurxo Rodríguez, alcalde do Concello de Castrelo de Miño, abriron estas xornadas estruturadas en torno aos contidos presentados polo técnico enxeñeiro agrícola e consultor en viticultura

ecolóxica e biodinámica, André Rodrigues Henriques da Silva.

Abordouse tamén a xestión do solo, a autofertilización, a protección fitosanitaria e a elaboración de extractos vexetais. Na súa vertente máis práctica, realizouse unha visita ás viñas de afiliados/as do Sindicato no concello de Castrelo de Miño, aproveitando tamén para facer unha posta en común e compartir dúbidas e intercambiar coñecementos.



André Rodrigues Henriques da Silva traballa coma consultor en viticultura ecolóxica e biodinámica, realizando asesoramento en diferentes viñas en todo Portugal. É tamén membro de AGRIDIN (Associação Profissional Desenvolvimento Agricultura Biodinâmica e Biológica), organización na que imparte cursos de formación para labregas e labregos que queren escomezaren a traballar con este tipo de prácticas.

Queremos cobrar as uvas a 30 días

Os produtores e produtoras de uvas negámonos a financiar á industria elaboradora

A Xunta de Galiza vén de sacar unha liña de financiamento específica para produtores/as de uvas, por medio do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e as entidades financeiras adheridas.

Este foi un mecanismo articulado polo anterior goberno da Xunta para potenciar ante as adegas a implantación dos contratos homologados, que estivo paralizado na anterior campaña.

Mediante esta Orde, os viticultores/as que vende-mos uvas para a vinificación a adegas embotelladoras, que tiveran subscritos contratos homologados na pasada vendima do 2009, podamos solicitar este crédito e así poder dispoñer dos nosos cartos, das uvas que xa entregamos en setembro/outubro de 2009, antes do 31 de marzo do 2010.

Con este mecanismo os vendedores/as de uvas financiamos ás adegas, constando como axuda ao vendedor/a (segundo a lei de *minimis*) e facendo de avalista do que debe a adega, xa que no caso de impago será o vendedor ou vendedora de uvas quen terá que devolver este anticipo do IGAPE, mais os xuros.

Permitiría a Xunta este abuso de tratarse do sector do automóbil? Articularía unha liña de crédito para que os concesionarios vendedores de coches puideran cobrar, da que se faría cargo o vendedor/a á hora de responder ante o banco do impago do coche, computándolle como axuda ao vendedor/a e sen ningunha responsabilidade polo comprador/a?.

O SLG non está disposto a permitir que se siga a abusar dos labregos e labregas que producen uvas, polo que imos a recurrir contra esta Resolución, que ademais é contraria ao dereito mercantil.

As UXFOR esixen a súa continuidade

O Sindicato Labrego Galego e a Asociación Frouma participan da Plataforma en defensa das UXFOR, de cara a manter unha figura que facilite a xestión conxunta dos montes.

Dende a chegada do novo goberno da Xunta de Galiza a actividade referente ás UXFOR ficou estancada. Ó mesmo tempo interropéronse as obras que se estaban a facer sobre o terreo, tales como plantacións, apertura de pistas, puntos de auga, etc...

Isto sucedeu sen que a Administración se puxese en contacto coas Comisións de propietarios/as das UXFOR afectadas e sen que se obtivese unha reposta cando era interpelada por estas.

Nestas circunstancias, Olga Otero, da UXFOR "Fonte das Meigas" en Chantada, secundada dende o inicio polo SLG e FROUMA, que ofreceron o seu apoio e asesoramento, púxose en contacto cos e cas representantes das 45 UXFOR afectadas, creándose a Plataforma en defensa das UXFOR, que agrupa tanto a representantes destas entidades como a organizacións do sector agroforestal.

O seu fin é poñer solución á situación de abandono creada e promove-la idea da xestión conxunta das pequenas parcelas forestais privadas, de xeito que o seu aproveitamento sexa viable tanto social como tecnicamente.

Puxémonos a traballar de inmediato, xunto coas UXFOR integrantes, e dende entón sucedéronse diversas entrevistas, cos Grupos parlamentares e co Director Xeral de montes, pasando polos Delegados e Delegadas Territoriais da Xunta de Galiza.

No mes de decembro de 2009 asistimos



Esq. a Der.: Xavier Simón -da UXFOR Costa-Sabugueiro-, Olga Otero -da UXFOR Fonte das Meigas-, Anxo Martínez -da UXFOR Vilaframil- e Rosa Villalibre -da UXFOR A Coviña-, presentaron publicamente a Plataforma dando lectura ao seu manifesto o pasado vinte e seis de xaneiro en Santiago.

no Parlamento a unha interpelación que o Grupo parlamentario do BNG lle fixo ó Conselleiro do Medio Rural, D. Samuel Juárez, sobre o estado das UXFOR, e na que este sementou a dúbida sobre a consecución dos compromisos adquiridos pola Dirección Xeral de Montes.

As seguintes accións por parte da Plataforma serán enviar ó Conselleiro do Medio Rural unha carta crítica coa actitude da Consellería ao respecto da paralización total na que se atopa a constitución das UXFOR, así coma da exclusión

como beneficiarias na orde de axudas á silvicultura, publicada no DOG do 5 de xaneiro; reclamar á Dirección Xeral de Montes unha resposta administrativa ao respecto do actual estado das Unidades de Xestión Forestal; solicitar unha entrevista co Valedor do Pobo e confeccionar un modelo de moción de apoio para os concellos, parte implicada na procura dunha xestión forestal de calidade, en tanto que esta afectará ineludiblemente á ordenación do territorio.

Apostamos pola loita biolóxica Dentro dun control integrado das pragas forestais

A Asociación Frouma xunto co Sindicato Labrego Galego, e co apoio doutras 13 entidades, entre as que se atopan concellos, organizacións sociais, medioambientais, do ámbito forestal e colexios profesionais, fixéronlle chegar á Consellería do Medio Rural o documento DECLARACIÓN E SOLICITUDES SOBRE A PRAGA DA PULGUIÑA DO CARBALLO "Altica quercetorum Foudr."

Preocupados pola praga que nestes dous últimos anos afectou con gran incidencia ás masas de carballos do país, comezouse un traballo de documentación e de campo ó respecto, no que concluímos:

Que tense constancia da praga na Galiza dende a década dos 80, sendo a maior afectación a principios dos 90, dando lugar á primeira declaración da praga pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes no ano 1992. No período actual, no DOG do 21 de maio de 2008 aparece publicada a Orde do 16 de maio de 2008 pola que se declara a existencia da praga da pulguiña do carballo (*Altica quercetorum* Foudr.) nalgúns zonas de Galicia. Nesta declaraciónponse de manifesto a existencia da praga en certos concellos da provincia de Ourense e o sur da provincia de Lugo.

Nese mesmo ano e no 2009, a Consellería do Medio Rural fixo fumigacións sistemáticas

contra a praga cun produto cuxa sustancia activa é o flufenoxuron, que xa tiña sido excluída do Anexo I da Directiva europea 91/414/CEE sobre sustancias activas de produtos fitosanitarios. Este produto ten como data límite de comercialización xuño de 2011 e de uso decembro do mesmo ano. As fumigacións, ademais de realizarse con produtos químicos de xeito sistemático, non se realizaban na época axeitada tendo en conta a bioloxía do insecto.

A praga espallouse con gran rapidez, polo que agora afecta a moitos máis concellos dos que estaban contemplados na declaración do 2008. Está confirmado que pode afectar a outras árbores coma abeleiras, ameneiros, salgueiros ou bidueiros e incluso a cultivos tan importantes como a vide.

Este insecto come as partes verdes das follas deixándoas, en pleno verán, coas cores propias do outono. As consecuencias son que as follas non



Charo Sánchez, Secretaria de Medioambiente do SLG, no Rexistro Xeral da Xunta de Galiza en Santiago de Compostela.

poden face-la fotosíntese e a planta carece do alimento necesario para medrar, ó mesmo tempo esta debilitación fai que a poidan atacar fungos como o oídio do carballo (*Mycosphaera alphitoides*) ou insectos xilófagos que acaban por destruí-la madeira da árbore atacada.

Tras constatar estes feitos, puxémonos en contacto con centros de investigación de fitopatoloxía forestal e con numerosos concellos e entidades, mantendo conversas e xuntanzas cos representantes dos mesmos, tendo como resultado un documento de elaboración común.

As entidades que subscriben esta declaración son a Asociación Ecolóxico-Cultural SOS Courel, Asociación Frouma, Asociación Galega de Apicultura, Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, Concello de Allariz, Concello de A Merca, Concello de A Pobra do Brollón, Concello de Barbadás, Concello de Chantada, Concello de Monforte de Lemos, Concello de Sarria, Concello de Toén, Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, Reserva da Biosfera "Área de Allariz" e o Sindicato Labrego Galego.

A perseverancia produce resultados

Paradas plantacións forestais en terra agraria

O Sindicato Labrego Galego ten presentado máis de 30 denuncias por incumprimento das distancias e plantacións ilegais, ao respecto da forestación en zona agrícola e de núcleo rural. Dentro da liña de traballo do SLG en defensa dos usos da terra, e dende a entrada en vigor da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, levouse a cabo unha importante labor de información sobre as limitacións impostas ás plantacións forestais.

Como resposta a esta campaña, producíase unha gran achega de denuncias polo incumprimento destas limitacións no que respecta as distancias a terreos de especial protección

agropecuaria e a núcleos rurais e, sobre todo, polas plantacións ilegais en terreos de uso agrícola.

Estas accións comezan a obter froitos, con varias resolucións favorábeis en concellos como Friol ou Oroso, no que se insta ós demandados a que realicen os traballos para adaptarse á legalidade, nun prazo que varia entre 15 días e 1 mes.

Nun país cunha ordenación do territorio practicamente inexistente, compre estar atentos a este tipo de accións que comprometen os usos tradicionais do rural galego e constitúen a perda de superficie agraria útil.

A perseverancia produce resultados.

Declaración de Cádiz

O Cumio Europeo de Ministras, presidido pola ministra de Igualdade, Bibiana Aído, a vicepresidenta primeira do Goberno, María Teresa Fernández de la Vega, e a ministra para as Mulleres e a Igualdade do Reino Unido e presidenta da Cámara dos Comúns, Harriet Harman, rematou o día 3 de febreiro coa lectura da chamada Declaración de Cádiz. A continuación, recollemos textualmente os principais puntos da declaración suscrita polas ministras e líderes políticas.



“Declaramos que:

A calidade das nosas democracias require unha participación equilibrada de mulleres e de homes nos espazos de representatividade e en tódolos ámbitos e niveis de toma de decisións.

A violencia contra as mulleres é unha violación dos dereitos humanos e impide o seu pleno desenvolvemento

persoal e profesional.

A participación equilibrada de mulleres e de homes é un elemento indispensable para consolidar modelos democráticos inclusivos apoiados na innovación, na solidariedade e na sostibilidade.

O acceso de máis mulleres a postos de decisión política favorece a incorporación da igualdade en todas as

accións dos gobernos.

O acceso de máis mulleres a postos de decisión económica contribúe a promover a igualdade de xénero.

A igualdade entre mulleres e homes non é só unha cuestión de dereitos fundamentais e de xustiza social, senón que é tamén unha condición previa para conseguir os obxectivos en materia de crece-

mento sostible, emprego, competitividade, excelencia científica e cohesión social

A rendibilidade das políticas de igualdade entre as mulleres e os homes maniféstase en maiores taxas de emprego, máis contribución ao PIB, maiores ingresos fiscais, uns índices de natalidade sostibles e maior cohesión social.

A discriminación en función do sexo é estrutural e esixe en consecuencia cambios estruturais e culturais en todas as ordes da vida.

A igualdade entre mulleres e homes, como demostrou a experiencia, é unha resposta sostible para os retos do futuro especialmente aqueles que hai que encarar na próxima década.”

Compromisos na moqueta

Como casa que un goberno tan “comprometido coa igualdade” siga sen desenvolver a figura da titularidade compartida nas explotacións agrarias?



No marco do Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG do ano pasado aproveitamos para facer forza nesta reivindicación principal.

Este ano 2010 cumprense 100 anos dende que a dirixente comunista alemana Clara Zetkin propuxera a celebración dun Día Internacional da Muller en Copenhague, no transcurso da Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas.

Por desgraza, a maioría das reivindicacións polas que as mulleres ao longo da historia loitaron en materia de igualdade, de dereitos laborais ou na sociedade, seguen a ser unha materia pendente.

Nos últimos anos as diferentes institucións suscriben de xeito habitual manifestos e fan declaracións nas que plasman o

seu compromiso pola igualdade, sobre todo en datas concretas como o 8 de marzo; sen que estas palabras se traduzan despois en feitos concretos e decisións políticas.

Nós preguntámonos como casa que un goberno tan “comprometido coa igualdade” siga sen desenvolver a figura da titularidade compartida nas explotacións agrarias para que as mulleres labregas podamos ter dereitos propios.

Cómpre lembrarllas ás nosas dirixentes que esta medida depende exclusivamente das competencias do Goberno do Estado.

Dende a Secretaría das Mulleres do

Sindicato Labrego non entendemos como se pode estar “comprometidas coa igualdade” e á vez colaborar na destrución do tecido social do medio rural e na eliminación da posibilidade de que miles de mulleres labregas podamos vivir dignamente do noso traballo.

Reunión Anual da Secretaría das Mulleres

Nos días 5, 6 e 7 de marzo terá lugar en Ribadeo o Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG.

Xa podedes apuntarvos no local do SLG da vosa comarca.

Campaña informativa do Sindicato Labrego Galego sobre fitosanitarios

Agrotóxicos: perigosos para a nosa saúde, para o noso agro ... e tamén para o noso peto

No camiño cara un modelo de produción respectuoso co medio e coas persoas, dende o SLG levamos tempo informando dos efectos nocivos dos fitosanitarios e cun posicionamento claro ao respecto.

Sabemos dos efectos perxudiciais para a nosa saúde, para o noso gando, os nosos cultivos... Ademais dos danos ao medio ambiente.

Mais hai outra faciana dos agrotóxicos que cómpre resaltar xa que tamén nos afecta legalmente nas nosas explotacións.

É importante ter a maior información nas nosas casas ao respecto de como está a lexislación europea e as modificacións que se están a producir neste marco, xa que cada vez están máis demostrados os efectos tóxicos e perxudiciais dos fitosanitarios e polo tanto a UE esta constantemente modificando as directivas.

É necesario para nós coñecer cando non é legal usar un fitosanitario ou cando non debemos caer na tentación de coller a oferta que nos fan na comercial (estratexia moi corrente cando teñen que retirar un produto dos seus lineais), xa que logo as consecuencias pagámolas nós (inspeccións nos almacéns da explotación, Seprona, sancións, intoxicacións...)

Como todas e todos sabemos, a información é unha ferramenta moi útil, fundamental.

Dende o Sindicato Labrego Galego estivemos traballando de cara á confección duns listados nos que a partires de agora poderedes consultar o estado no que se atopan algúns dos produtos máis usados no noso país nas diferentes producións, teredes acceso á consulta destes documentos en calquera local do sindicato.

No cadro podedes coñecer os produtos máis empregados que a día de hoxe xa están prohibidos polo Ministerio ou atópanse en moratoria (fase anterior á proibición)

Trátase de produtos de uso cotiá na horta, vides, froiteiras, cereais... e están identificados polo nome comercial.

Información do cadro:

Data límite venda: É a data na que as comerciais deben deixar de vendelas ao público.

Data límite posesión: A data a partires da cal xa non podemos telo nas nosas explotacións.

Cando un produto xa está retirado das comerciais temos un prazo de seis meses a maiores nos que aínda é legal telo na explotación.

FITOSANITARIOS PROHIBIDOS POLO MINISTERIO

Nome Comercial	Tipo de fitosanitario	Data límite venda	Data límite posesión
BAYFIDAN 5 WP-Bayer	Funxicida	28/02/2010	28/08/2010
CONFIDOR 240 O-TEQ - Bayer	Insecticida	31/01/2010	31/07/2010
CONFIDOR 240 O-TEQ N - Bayer	Insecticida	31/01/2010	31/07/2010
COVIFET SYSTEM - Sapec	Funxicida	PROHIBIDO	PROHIBIDO
EQUATION SYSTEM - DuPont	Funxicida	31/01/2010	31/07/2010
ESTUDER PLUS	Funxicida	PROHIBIDO	PROHIBIDO
GENIUS - Exclusivas Sarabia, S.A.	Funxicida	28/02/2010	28/08/2010
GLIFOPLUS - Belchim Crop Protection España, S.A	Insecticida	PROHIBIDO	PROHIBIDO
JUMBO - Exclusivas Sarabia, S.A.	Funxicida	28/02/2010	28/08/2010
MILRAZ - Bayer	Funxicida	28/02/2010	28/08/2010
MISSIL PLUS - Exclusivas Sarabia SA	Funxicida	28/02/2010	28/08/2010
NEMACUR 10 GRANULADO - Makhteshim Agan España, S.A.	Nematicida	PROHIBIDO	PROHIBIDO
PERMANGANATO - Agrodán	Funxicida	30/09/2009	30/03/2010
PRITT 20 SL - Cequisa, S.A.	Insecticida	31/01/2010	31/07/2010
ROVRAL WP-Basf	Funxicida	PROHIBIDO	PROHIBIDO
SUMI-OCHO 12,5 PM - Sumitomo Chemical Agro Europe S.A.	Funxicida	18/09/2009	18/03/2010
SUMI-OCHO 5EC - Sumitomo Chemical Agro Europe S.A.	Funxicida	18/09/2010	18/03/2011

Acaba de publicarse a nova orde das primas PAC para 2010-11

O pasado 30 de xaneiro o Ministerio de Medio Rural publicou a nova lei das primas PAC para 2010 e 2011. Como ben sabemos, estas primas **solicitarémolas no prazo que vai dende o día 1 de febreiro ao 30 de abril**, aínda que o do 1 de febreiro é un prazo teórico xa que faltan por publicar as Ordes das Comunidades Autónomas e por poñer a funcionar toda a loxística necesaria para cumprimentar tan complicadas solicitudes. En todo caso **o 30 de abril será o último día**.

A gran novidade deste ano é que a norma aplica totalmente o chamado "chequeo médico", así coma o "desacoplamento" para todas as primas agás as de nutrices.

Aínda que todas estas primas sonnos a todo o mundo familiares, imos facer un breve repaso polas primas gandeiras que van na solicitude única da PAC:

■ **Pago único:** axudas que engloban todas as primas que había e que foron desacoplándose, incluída a prima da cota do leite e que hai que xustificar con hectáreas admisibles se son dereitos normais e con máis do 50 % da actividade se son especiais.

■ **Prima por vaca nutriz:** unha prima de 185 € por cada dereito, máis unha prima complementaria de 22,46 € tamén por cada dereito (total 207,46 €). Lembremos que a porcentaxe de xuvenzas non pode sobrepasar o 40 %, e que o período de retención será de 6 meses dende a solicitude.

■ **Primas de sacrificio,** que se piden coa solicitude única e son de ata 26,40 € cabeza para os adultos (máis de 8 meses) e de ata 46,50 para os xatos (entre 1 e 8 meses). Neste caso o período de retención será de 2 meses.

■ **Pagos adicionais en aplicación dos artigos 69 e/ou 68:**

- *Explotacións con vacas nutrices* teñan ou non dereitos de prima pero que teñan a nodriza e unha carga gandeira inferior a 1,5 UGM/ha repartirán entre todas as nutrices que cumpran 47.966.000 €. Haberá modulacions, soio cobraran todo oas primeiras 40 de cada explotación, entre 41 e 70 dous tercios, entre 71 e 100 un tercio e a partir de 100 nada.

- *Pago adicional de vacún de calidade:* para aquelas reses sacrificadas dentro de unha IXP ou marca de calidade ou agricultura ecolóxica; repartiránse entre todas as cabezas 7.000.000 de euros.

- *Pagos adicionais no sector lácteo:*

para o leite vendido con compromiso de estar acollido a un sistema de aseguramento da calidade, esto é: unha declaración de acollerse de forma voluntaria ao sistema de calidade descrito na Guía de prácticas correctas de hixiene no sector produtor lácteo publicadas na páxina web do MARM ou as guías similares aprobadas polas comunidades autónomas.

Repartiránse entre os litros que cumplan 19.963.000 euros. Tamén teñen modulacion, xa que soio se cobra polos primeiros 500.000 litros de cota da explotación.

- *Axudas específicas a produtores/as de ovino e cabrún de calidade,* ouseña, que comercialicen alomenos o 15 % do leite e/ou da carne baixo programas de produción de calidade; repartiránse 7.200.000 Euros.

- *Axudas específicas a agrupacións de produtores/as de ovino e cabrún de carne,* destinadas a mellorar a competitividade e concentración da oferta, repartiránse 26.200.000 euros

- *Axudas e explotacións leiteiras ubicadas en zonas de montaña* desfavorecidas ou economicamente vulnerables ou sensibles que teñan polo menos unha base territorial de 0,40 has por vaca, pagaránse por vaca elexible (vaca de leite de máis de 24 meses inscrita no rexistro de identificación individual de animais, -RIIA-) e repartiránse 40.200.000 euros.

- *Axudas para fomentar a produción de produtos lácteos de calidade* (IXP, DOP e gandeiría ecolóxica), repartiránse por vaca elexible, en total 800.000 euros.

Lembramos que o conxunto das axudas PAC teñen á súa vez outra modulacion (desconto) que afecta á cantidade total que exceda dos primeiros 5.000 euros. Esta modulacion será do 8 % en 2010 e do 9 % en 2011.

Esto é a grandes rasgos o que traía a PAC 2010 para gandeiría, aínda que pareza que estamos falando da lotería de nadal.

Xornadas Galegas de Soberanía Alimentar

27 e 28 de febreiro, das 10:00 ás 20:00hrs. en **Santiago de Compostela**. Palestras na Facultade de Filosofía da USC e o domingo mercado pola soberanía alimentaria na praza de Mazarelos. Máis información en www.sindicatolabrego.com ou <http://soberaniaalimentar.info/node/549>.

ENCONTRO ANUAL DA SECRETARÍA DAS MULLERES

Ribadeo, 5, 6 e 7 de marzo de 2010

Comezaremos o venres pola tarde cun videoforum adicado aos pesticidas e os seus efectos na saúde, e ao longo da fin de semana sucederanse as charlas, visitas, obradoiros, actos reivindicativos e mesmo unha mesa redonda con representantes das Plataformas de Defensa da Sanidade Pública e de Defensa da Educación Pública. **ANÓTATE NO TEU LOCAL.**



ATENCIÓN

MULLERES LABREGAS COTIZANTES Á SS AGRARIA QUE TIVÉCHEDES UNHA FILLA OU UN FILLO A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2008

Tedes dereito a solicitar a devolución dunha parte das cuotas pagadas á SS. durante os doce meses seguintes á baixa maternal. **Infórmate e tramítala no teu local do SLG, independentemente do tempo que xa pasara dende que tiveches ou fillo ou filla.**

Se queres recibir por correo electrónico os comunicados de prensa do Sindicato Labrego Galego envíanos un correo a prensa@sindicatolabrego.com ou ponte en contacto co local do SLG da túa comarca. Este servizo é de balde.

AVISO LOCAL DE COMPOSTELA:

- **Curso de Incorporación a Actividade Agraria - Aptitude Empresarial Agraria.** Pra máis información, contactade co local (981 588 532).

AVISOS DO LOCAL DE TEIXEIRO:

- **Curso de Incorporación a Actividade Agraria - Aptitude Empresarial Agraria.** Zonas: Arzúa - Melide - Curtis - Teixeira - Betanzos - San Sadurniño.

Data previsible de comenzo: primeria semana de marzo.

- **Xornadas:**

04 de marzo: Novidades CES, tramitación año 2010 (Contrato de Explotación Sustentable).

10 de marzo: Xornada de Vacún de Carne (subvencións, condicionalidade, experiencia dun labrego@...)

17 de marzo: Xornada do Leite (Fixación de Prezos, Lexislación, Condicionalidade, Axudas...)

XORNADAS DO LOCAL DE BETANZOS:

"Horta Ecolóxica" (do 1 ao 5 de marzo)

"Árbores frutais, poda, inxertos.." (do 8 ao 12 de marzo)

"Xornada de vacún de carne", 9 de Marzo. Con excursión o sábado 13.

"Xornada de vacún de leite", 16 de Marzo. Excursión o sábado 20.

"Curso de Benestar Animal nas explotacións" (do 22 ao 26).

As persoas interesadas contactade co local de Betanzos pra vos apontar. Estamos traballando na programación de vindeiros cursos para o outono, contactade connosco pra dicirmos cales preferides.

PUBLICADO NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA @S BENEFICIARI@S DAS AXUDAS DE RECRÍA

O pasado 28 de xaneiro de 2010 a Consellería de Medio Rural publicou no DOG a resolución mediante a que se publica a relación de beneficiari@s das axudas de recría.

O prazo para presentar recurso contra esta resolución será dun mes dende a publicación da resolución, por tanto aquelas persoas que non estean dacordo coa desestimación da axuda teñen que **presentar recurso antes do 28 de febreiro.**

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Subsolador marca Yimpa
TLF: 696 004 515

Remolque para transporte de rolos de herba
TLF: 657 361 197
de 13 a 14 e de 21 22

Vacas de carne. Arzúa
TFNO. 626 31 50 59

Tolva arrastrada con portas laterais de 8.000 kg
con reductor na cinta con piño desmontable.
TLF: 650 019 275

Participación en S.A.T. na provincia de Lugo.
TLF: 669 180 312

Coche sen carnet en perfecto estado, motor 2
tempos. BON PREZO (negociable).
TLF: 627 474 820

Sala de ordeño MELKER, 3 puntos, lavado au-
tomático. Gontaz. Carballo
TLF: 651 86 11 32 (José)

Vacas frisonas: boa xenética, control leiteiro,
media de produción 9.600 l., media calificación
81, libre IBR-BVD. Granxa do Ferreiro. Muros -
Alto Xestoso - Montero
TLF: 610962132 / 626250993 / 981196919

Rabaño de 75 ouveallas e 10 cabras, con pun-
tos, no concello de Paradela.
TLF: 982 15 7436 (noites)

Sala de muxir
TLF: 648 187 856

40 ferrados de herba seca en Ambroa (Irixoa)
TLF: 646730416

Boi do país dun ano e medio
TLF: 636 984 730

Becerras (dúas rubias e unha rubia de Aquí-
tania)
TLF: 982 39 10 08

Vaca de leite de primeiro parto con carta
TLF: 626 334 770

Rolos de herba seca (Cospeito)
TLF: 982 50 57 55

- 5 vacas, dúas delas preñadas
- Abonadora cun ano de uso.
- Arado de cinco sacos.
- Arado de vertedeira.
- Cisterna en moi bo estado matriculada
- Segadora DCS matriculada
- Friesadora inglesa en bo estado
- Tanque de frío de 500 litros
- 2 caldeiros de ordeñar de 40 litros de aceiro
inoxidable
TLF: 981 798 681

Herba seca a bo precio. Lugo.
TLF: 659 643 489

Cachorros de mastín.
TLF: 630 561 310 en Friel

Pala mixta retro-excavadora marca BENATI.
TLF: 660 442 783 (Raúl)

-Viño tinto da variedade TEMPRANILLO e
MENCIA. Zona de produción. Monterrei.
-Estrulladora trifásica e bomba trifásica.
TLF: 636 900 607

Remolque autocargador picador, marca
CLASS 335.
TLF: 982144182 ou 630528721 (Paco)

Semente de herba Raigrass italiano.
TLF: 677 244 325 (Juan Carlos)

Tanque de frío JAPY de 1200L, perfecto esta-

do, prezo a convir.
TLF: 658 628 448 ou 981 895 1880

Sala de Ordeño Miele 5 puntos con pulsadores
electrónicos. Arzúa.
TLF: 981 51 77 55 ou 619 88 5180

Novilla de carne (cruce) de 6 meses.
TLF: 686 586 544

Autocargador Rotativo Marca MEGAL con 1
ano de uso, con documentación e tódalas ex-
tras. Zona Arzúa.
TLF: 677 62 52 45 (Suso).

15 ovellas, 1 carneiro e 5 anos, posibilidade
de 1 mastín e un pastor alemán que están
sempre con elas no monte. Ovellas 60€/
unidade.
TLF: 981.886 718 ou 686.577.281 (Fina)

Peugeot 206 do ano 2001 con 140.000 Kms.
Bo estado.
TLF: 981 797 225 / 646 910 747

Cuba semprechea. Modelo INOX AISI
316.3.000 litros. Económica.
TLF: 986-666107 (Manuel)

Rebaño de 12 ovellas
A Cañiza.
TLF: 986-652-271 (Carmen)

11 Ferrados de millo para ensilar e 5 ferrados
de millo de espiga en Ordes.
TLF: 981 69 92 04

-Segadora BCS dun ano de uso
-Ovellas preñadas
TLF: 981 788 210

Leña de abedul; son altos, delgados e fáciles
de preparar. Zona de Rodeiro, Oza dos Ríos.
TLF: 981 798 681 (Eduardo)

Can pastor belga (7 meses), en Goiriz.
TLF: 697 294 144

Trigo do país (Irixoa)
TLF: 981 798 785 (Isabel)

Patacas. Comarca de Ordes
TLF: 981 695 5 88

Rolos de herba seca e de silo.
TLF: 982 505 798 ou 610 472 095

-Vacas e novillas frisonas: boa xenética, con-
trol leiteiro, media produción 10.370 l., media
calificación 81, libre IBR-BVD.
-Tanque de frío POLIFRIO 2.500L.
TLF: 610 962 132, 626 250 993 ou
981 196 919

10 novillas Limousine.
TLF: 982 207 733 ou 685 884 257

Coche sen camión: LIGIER AMBRA GLX. Tén to-
dos os extras.
TLF: 653 204 315 ou 648 641 404

Herba en fardos da tempada.
TLF: 628 266 689

Desensiladora marca mullós en bó estado a bó
prezo.
TLF: 982 157 245 ou 636 863 082

-JOHN DEERE 2850, dobre tracción, aire
acondicionado, rodas a medio uso, cabina
SG2.
-AUDI 80 1.8E e remolque de tractor preparado
para burros. Tamén se venden llantas de
coche MOMO de 5 buratos e 15 polgadas.
TLF: 686 596 260.

Cortasillos de 1,60 m e un rulo de 2,50x0,90 m
con documentación en moi bo uso.
TLF: 982177430

40 rolos de herba seca do Corgo (Lugo).
TLF: 982 176 748

-Colleiladora de patacas marca GRIMME 650,
con tolva alta e dirección.
-Cinta transportadora
-Desbrozadora de patacas (3 regos)
-Tractor JONH DEERE 1635 con pala.
-Repartidor de abono regadío con motor de 14
C.V.
-Remolque (10.000 kg).
TLF: 619 904 183

Cisterna de 2.000L Vêndense 34 ovellas e 34
ptos.
TLF: 626 985 284 (Zona de Arzúa)

Viño e augardente.
TLF: 986 689 486. Ana

Pitos de galiña piñeira, zona de Arzúa.
TLF: 654 047 516

Porcos celtas. Pontearreas.
TLF: 634 408 812 (Antía)

Vacas novillas, becerras e un xato de 9 meses
todos/as marcados da CRUGA.
TLF: 982157245 - 636863082

Becerras e becerras.
TLF: 626 442 294

165 cabras con dereitos e cabritos.
TLF: 626 217 837

Vêndense ranchos, A Pastoriza - Lugo.
TLF: 626 592 286

Arado de tres regos. Castro de Rei.
TLF: 690 828 935

Cisterna de 3000 litros. Castro de Rei.
TLF: 690 828 935

Por cese de actividade vêndense vacas de leite
e tanque de frío de 3000L. Portomarin.
TLF: 982 157 768 e 697 422 304

Madeira de castaño seca e feita.
TLF: 616 060 146

Gaiola grande para loto, ten rodas, porta dian-
teira e a parte superior ábrese con opción a
poñer a percha. Ten 3 comedeiros, está fabri-
cada en aluminio con acabado antioxidante
, mide: 69cm x 56cm x 150cm (ancho,fondo e
alto).
TLF: 696 165 460.

Por abandono, vêndense:
-Pisón e grade de dentes.
-Circuito alfa laval 3 puntos.
-Tanque do frío 550L.
-Remolque de tractor.
TLF: 660 485 856 (Zona de Boimorto)

Tanque de frío de 4.500L. marca ALFA LAVAL.
Zona Arzúa.
TLF: 627 321 083

Dous ordenadores: un PACKARDBELL de so-
bremesa (dous anos), e un portátil SIEMENS
cun ano.
TLF: 616 060 146

Vacas de leite. 2 novillas de 1º parto, 2 de se-
gundo parto e 4 adultas. Moi boa calidade.
TLF: 982 144 294 (Tomasas).

Rotempacadora CRONE KR125 en bo estado.
TLF: 655 903 703

Segadora en bo estado e autocargador.
TLF: 982 502 165

Cabalo semental de sete anos, raza an-
goárabe. Capa castaña. Prezo: 500€. Zona de
Noia. TLF: 616 181 890

Explotación de leite ecolóxica na zona de
Cospeito (Lugo)
TLF: 982 177 430

Estructura de invernadoiro de 880 m².
TLF: 680 108 262

Pranta de mazá de sidra inxertadas en castes
autóctonas.
TLF: 655 698 299

-Fresa marca AGRATOR 1.60
-Abonadora
-Rolos de herba seca
TLF: 664 652 469

Herba seca en rolos (Moncelos-Abadín).
TLF: 649 680 371

-Boi do país de 3 anos.
-Moto HONDA 125 semiova.
TLF: 648 187 857 (Antonio).

Camión de cabalos con 3 anos de uso de 3 x 1,60m.
TLF: 636 234 643

Plantas de loureiro real. Ideal para setos de
peche de parcelas. Prezo según tamaño.
TLF: 685 529 988 (Félix)

Por cese de actividade, vêndense:
-Tractor JOHN DEERE 6400-105CV
-Cuba de purín 8.000l. con brazo de carga,
eixo direccional e ballesta lanzadeira.
-Remolque mezclador TRIOLET 12m.
-Encintadora de carro MAKEY.
-Emboladora CARRARO liña verde.
-Segadora FELLA 2,25m. 2 tambores.
-Rastrillo acordeonador FELLA 3,90m.
-Rotabator 2,25m. de labor.
-Segadora acordadora RAPID SUIZA modelo
507.
-Remolque autocargador Galagri 24m.
-Batidor de purín.
-Abonadora Vicon 600kg.
-Arado JEMA, dúas vertedeiras.
-Sementadora de millo 4 regos.
-Desensiladora.
-Máquina de herbicida 6001 marca ANFER.
-BELARUS con pa, pinza de bolas, cazo de-
sensilador, cazo de terra e cazo de estercos.
-Desbrozadora 1,60m.
-Extendedor de silo.
-Rolo apisonador 2,20m. de ancho por 1m. de
alto.
TLF: 650 178 778

-Segadora rotativa de 2,05m. marca FELLA en
bo uso.
-Angazo fleirador de 3m marca ROTAGA.
-Tanque de 2 muxidos , 800L. trifásico. Marca
MAGNUS.
-Becerro ecolóxico para consumo.
Zona de Arzúa.
TLF: 637 850 419

Grade rotativa LELY TERRA 350.
TLF: 669 839 647

COMPRAS

Merco tractor de 30cv de 2º man.
TLF: 626 439 145 (RAMIRO)

Merco xatos que teñan dende os 20 días ata os
10 meses.
TLF: 982 157 768

Mércase ou alégase granxa de engorde de po-
los. Zona da Estrada ou arredores (Silleda-For-
carei).
TLF: 645 445 402

Merco silo de pienso de 5.000kg ou máis e
tanque de frío de 200l. En bo estado
TLF: 650 217 717

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Mozo neozelandés estudante de veterinaria
ofrécese para traballar e facer prácticas en ex-
plotación. Con experiencia en prácticas en No-
va Zelandia.
ddaliaga@gmail.com

Ofrécese rapador profesional para campaña
setembro-marzo. 1,30€ cada ovella.
TLF: 618 778 378 (Atilano)

Búscanse persoas para traballar como xar-
dineiros/as en Betanzos
TLF: 981785548

Ofrécense traballadores para explotación.
TLF: 696 393 636 (Rui e Kelvin)

Fanse traballos en pozos artesanos (limpar,
afondar, empregar...). Equipado con elevador
para sacar terra, bomba de achique con
manguera ata 25 m de fondo e 50mm de
diámetro, martillo picador e equipo de ven-
tilación.Desprazámonos, presupostos sen com-
promiso.
:TLF: 662 084 529(Fernando)

Ofrécense traballadores para explotación. Ex-
periencia en pastoreo e matadoiros.
TLF: 638 897 735 (Mohamed e Ahmed)

Ofrécense persoas para traballar en explotacións
ou con maquinaria na zona de Betanzos. Con
experiencia.
TLF: 680-337.325 (José Manuel)

Ofrécense traballador para explotación.
TLF: 634 219 936 (Toni).

Ofrécense traballador para explotación.
Zona Arzúa.
TLF: 690 267 319.

Ofrécense traballador para explotación.
TLF: 649 652 923 (Ahmed)

Fanse traballos en pozos artesanos (limpar,
afondar, empregar...).Equipado con elevador
para sacar terra, bomba de achique con
manguera ata 25 m de fondo e 50mm de
diámetro, martillo picador e equipo de ven-
tilación. Desprazámonos, presupostos sen com-
promiso.
TLF: 662 084 529 (Fernando)

Ofrécense matrimonio con experiencia en
viveiros e agricultura orgánica para traballar en
explotación.
ubedaalicia@yahoo.es

OUTROS

Agasallo cancioño mezcía pastor belga malinois e
pastor alemán. Como vai medrar bastante necesi-
ta unha casa grande non un piso, ademais son
moi dinámicos e necesitan correr moito. E claro
quiere un dono ou dona que lle preste atención e
o coide ben. Betanzos.
sac_seguros@ofimega.eu

Aréndanse 78000 kg de cuota. Grixalba- Sobra-
do. TLF: 981 787 686

Aréndase lugar, 37 Ha. casa, naveas, cota
láctea.Produción ecolóxica.
TLF: 616 627 318.

Aréndanse 35150 kg de cota (Sobrado)
TLF: 628 29 36 34

Alégase cuota láctea 106.730 KG, GRASA 3,85
TLF: 606 841 910

Cédese cota láctea campaña 2009-2010.
25.000kg.
TLF: 678 935 644

Cédese cota láctea 40.000kg.
TEL: 666 363 266

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

A reforma das pensións supón un retroceso histórico nos dereitos sociais

O Sindicato Labrego Galego amosa o seu rexeitamento total ás medidas presentadas polo Goberno para reformar o sistema de pensións, e que supoñen un recorte dos dereitos dos traballadores e das traballadoras descoñecido no período democrático.

Unha das súas principais directrices é adiar a idade legal de xubilación dende os 65 ata os 67 anos, co pretexto de que actualmente a esperanza de vida é maior.

O goberno non ten en conta en absoluto o enorme esforzo físico que moitas profesións como a agricultura e a gandería requiren, sendo moi frecuente que os e as que traballamos nestes sectores, debido á dureza dos traballos, teñamos unha alta incidencia de casos con desgastes de osos, lesións na columna e outras patoloxías asociadas á nosa profesión, que fai que alongar a vida laboral supoña unha auténtica tortura para un gran número de persoas, e todo isto no medio dunha crise sen precedentes (sendo o PIB por ocupado na rama agraria o 60% do PIB medio total).

Temos un período de cotización medio máis elevado, entre 40 e 45 anos para recibir unhas pensións un 45 % por debaixo da media (518 euros/mes fronte a 919/mes do Réxime Xeral); despois de pasar unha vida desenvolvendo tarefas fundamentais para a sociedade como proporcionar alimentos, coidar o medio ambiente ou responsabilizarse dos coidados ás persoas maiores é á infancia, en contornos nos que hai unha carencia manifesta de recursos públicos para esta función.

Fai pouco tempo este Goberno, que se di con preocupacións sociais, adoptaba outra medida absolutamente reaccionaria como era darlles incentivos aos médicos e médicas que menos prestacións de incapacidade temporal tramitasen, sendo xa hoxe unha realidade habitual que moitas labregas e labregos con dúas ou tres hernias discais ou con enfermidades que lles imposibilitan traballar lles neguen a baixa.

Unha vez máis a xente traballadora temos que pagar os despilfarros e a mala xestión dos especuladores, que motivaron que máis de 4 millóns de persoas estean no paro, e dun Goberno incapaz, que escolle protexer a bancos ladróns e a empresarios estafadores a costa do todos e todas nós.

Outras medidas que aparecen no documento do Goberno son modificar os procedementos para calcular as pensións (bases, períodos), incentivar os cambios de condicións e lugares de traballo, controlar máis e cambiar a xestión das prestacións de incapacidade, así como recolocar ás persoas deste colectivo. Unha das principais novidades refírese as pensións de viuvos e viúvas, cuestionando que se concedan para o resto da vida cando “houbese unha convivencia breve e non haxa descendentes”. O documento contempla nestes casos a retribución con unha indemnización en pago único ou unha prestación temporal. A contía deste tipo de pensións e as condicións nas que teñen que vivir as persoas afectadas debería sacarlles as cores aos nosos gobernantes, que de seguro non teñen que afrontar a vida con eses ingresos.

O Goberno quiere ademais incentivar os planos de pensións privados, baralla tamén a posibilidade de mellorar a súa fiscalidade e que se podan cobrar a partir dos 65 anos, aínda que se siga traballando.

Co eufemismo de “ampliar a complementariedade da previsión social” promoven que os ricos sexan cada vez máis ricos e os pobres cada vez máis pobres.

O documento, no que se prevé por coto ás prexubilacións e continuar coa supresión de réximes e colectivos especiais, será enviado ao Congreso dos Deputados para que os Grupos Parlamentarios elaboren as conclusións da Comisión de Seguemento do Pacto de Toledo, que se converterán posteriormente en disposicións legais.

Unha vez máis a xente traballadora temos que pagar os despilfarros e a mala xestión dos especuladores, que motivaron que máis de 4 millóns de persoas estean no paro, e dun Goberno incapaz, que escolle protexer a bancos ladróns e a empresarios estafadores a costa do todos e todas nós.

